

Xoves, 16 de maio de 2024

Núm. 96

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CALDAS DE REIS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A ACTIVIDADE LUDOTECA DE VERÁN 2024 – EXPEDIENTE 987/2024**ANUNCIO**ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A ACTIVIDADE LUDOTECA DE VERÁN 2024 – EXPEDIENTE 987/2024*

Cumprindo o establecido na ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos por actividades organizadas polo Concello de Caldas de Reis (publicada no BOP número 94, do día 16.05.2008) e ao abeiro do acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 18.07.2023, de delegación na Xunta de Goberno da competencia para o establecemento ou a modificación de prezos públicos, a Xunta citada (en sesión celebrada o día 09.05.2024) acordou o establecemento do prezo público para a actividade “Ludoteca de Verán 2024” polo seguintes importes:

- Cota de inscrición:

- 60 €/mes por participante
- 40 €/quincena cando o participante se inscriba por períodos quincenais.
- 55 €/mes por participante no caso de dous ou mais menores inscritos que pertencan a mesma unidade familiar.
- 55 €/mes por participante no caso de pertencer a unha familia numerosa.

- Cota do plan madrugá:

- 30 €/mes con almorzo
- 20 €/mes sen almorzo.

- Exencións e bonificacións:

- Exentos do pago da cota de inscrición: Os perceptores de RISGA, perceptores de PNC cando na unidade familiar carecen doutros ingresos ou familias incluídas no programa de educación familiar dos servizos sociais comunitarios básico.
- Bonificación do 50% da cota de inscrición: As unidades familiares preceptoras do Ingreso Mínimo Vital e con complemento por fillo a cargo.



Xoves, 16 de maio de 2024

Núm. 96

No caso de non cubrir o 100% das prazas ofertadas non se levará a cabo Ludoteca, procedendo a devolución da cota abonada as persoas beneficiarias. Salvo acordo coa entidade prestadora do servizo da redución proporcional do prezo en función das persoas beneficiarias.

O Alcalde — D. Juan Manuel Rey Rey

Documento asinado dixitalmente.

